

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO: CONVOCATORIA E BASES DO PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026 MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA (PEL CONCELLOS 2026).**

**EXPEDIENTE: 2026/G003/000180.**

**EXPEDIENTE: 2025/A008/000008. 2026/E001/000001.**

Mediante Decreto nº 446/2025 de 27.10.2025, apróbbase polo Concello de Sobrado a solicitude de subvención do programa de contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais PEL-CONCELLOS 2026, dacordo coas bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a concellos da provincia da Coruña *do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026, Pel-concellos 2026, (BOP Nº 197 de 15.10.2025)* por un importe de 22.000,00 €, para a contratación de 3 peóns/peoas a xornada parcial.

No BOP nº 38 de 26.02.2026, publícase a Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, concedendo a antedita subvención, por importe de 22.000,00 €.

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25 e 26, establece os servizos mínimos competencia dos municipios como a limpeza viaria, abastecemento de auga potable, a rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Posto que actualmente este concello non conta con suficiente persoal municipal que poida realizar ditas funcións, é necesario realizar os trámites pertinentes para a realización de dito proceso de selección de persoal.

O Concello de Sobrado dispón de consignación suficiente no vixente Orzamento do 2026 (Orzamento prorrogado do 2025) para asumir o custo destas contratacións contra as aplicacións orzamentarias 163.13100 e 163.16000.

Visto o informe de Secretaría de data 07.04.2026 e de fiscalización da mesma data.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Declarar o servizo de obras e servizos mínimo coma esencial.

**SEGUNDO.-** Convocar e aprobar as bases que figuran como anexo na presente resolución, do procedemento selectivo para a contratación como persoal laboral temporal, de 3 peóns/peoas a xornada parcial de 6 horas diarias, durante o prazo de 5 meses para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Sobrado, que figuran como anexo neste Decreto.

**TERCEIRO.-** Que se dea publicidade a tal convocatoria por medio do taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Sobrado ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) e no Boletín Oficial Provincial (BOP).

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

**Mándao e asínao, o Sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.**

**O alcalde-presidente**

**A secretaria-interventora**

**Luis Lisardo Santos Ares**

**Alejandra D. Fandiño Sánchez**

## ANEXO

### **CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN, LABORAL TEMPORAL, DE TRES PEÓNS/PEOAS A XORNADA PARCIAL (6 HORAS/DÍA), PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SOBRADO (PEL-CONCELLOS 2026).**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal a xornada parcial (6 horas/día) na modalidade de Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, (código 505), ao abeiro da disposición adicional novena do Real decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifican as modalidades contractuais. Tamén na Base 3.3 que regula o Pel concellos, e utilizando como sistema de selección o concurso-oposición, de tres peóns/peoas para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Sobrado, conforme as Bases do Programa PEL-CONCELLOS mediante a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña anualidade 2026, publicada no BOP nº 197 de 15/10/2025 e con Resolución de concesión definitiva no BOP Nº 38 de 26/02/2026 da Deputación da Coruña.

#### **SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E SALARIO DOS TRABALLADORES.**

A duración do contrato será de 5 meses (data máxima de contratación ata 31/12/2026), dende a súa sinatura, cunha xornada de traballo a tempo parcial de 6 horas diarias, e a distribución do tempo de traballo será segundo as necesidades do servizo.

Os peóns/peoas percibirán un salario bruto de 1.068,38 euros/mes, polos conceptos de soldo e a parte proporcional da paga extra.

#### **TERCEIRA.- FUNCIONS.**

As tarefas a realizar serán as indicadas na memoria, presentada polo Concello de Sobrado, de solicitude de subvención, de acordo coas Bases do Programa PEL-CONCELLOS mediante execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña anualidade 2026, BOP nº 197 de 15/10/2025 da Deputación da Coruña.

#### **CUARTA.- CONDICIONS DOS/DAS ASPIRANTES.**

1.- Para seren admitidos ao presente procedemento selectivo os/as aspirantes deberán ser desempregados/as inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato e xustificarse mediante informe emitido por dito servizo.

2.- Para seren admitidos ao presente procedemento selectivo os/as aspirantes deberán estar incluídos/as en colectivos en situación de exclusión laboral, estas situacións son as seguintes:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Menores de 30 anos.
- d) Parados de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de un ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- e) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%. A discapacidade hai que xustificala documentalmente.
- f) Persoas en situación de drogodependencia.
- g) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- h) Persoas con fogar monoparental.
- i) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

- j) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- k) Persoas sen fogar.

As situacións de exclusión laboral, acreditaranse con estes documentos oficiais:

Mulleres, persoas maiores de 45 anos e tamén os menores de 30 anos.	Fotocopia do DNI
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado emprego
Persoas con discapacidade (nun grao igual ou superior ao 33 % oficialmente recoñecido)	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33 % expedido pola administración competente e vixente na data da publicación da convocatoria
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais

3.- Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

4.- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.

5.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ao que se opte. Acreditarase mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

6.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

7.- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

8.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia durante o proceso selectivo e mantelos ata o día da contratación se é o caso.

9.-Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN, NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO.**

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estén en posesión do Celga 1 ou equivalente, estarán exentos da realización de proba oral de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obrigatoria a realización dun exercicio na data fixada polo tribunal cualificador: Exercicio do coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral a realizar nun tempo máximo de dez minutos antes da oposición. O exercicio será cualificado de apto ou non apto.

#### **QUINTA. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As solicitudes (anexo I) presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado mediante formulario normalizado dispoñible na páxina web do concello ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) e nas súas dependencias municipais. O prazo de presentación de solicitudes é de (4) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña.

Tamén se poderán presentar as solicitudes mediante calquera das formas previstas recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso o/a aspirante deberá comunicalo mediante un correo electrónico a correo@sobrado.es durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada á solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coas solicitudes os/as aspirantes presentarán a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- Documentación acreditativa dos requisitos a comunicar (base 3ª.2).
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos nos apartados 5, 6 e 7 da base cuarta da presente convocatoria (anexo II).
- Documentación acreditativa para a fase de concurso.

#### **SEXTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.**

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, a Alcaldía acordará a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.sobrado.es), concedendo, no seu caso, un prazo de 1 días hábil para a subsanación das deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo para a subsanación, o Alcalde ditará resolución polo que se aprobe a lista de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva. En dita resolución se sinalará tamén o día, hora e lugar na que se realizará a fase de concurso-oposición e a composición do tribunal.

Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.sobrado.es).

#### **SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

- 1.- O Tribunal Cualificador será designado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado.
- 2.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos no artigo 23 da Lei 40/2015 citada, non podendo seren nomeados membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.
- 3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.
- 4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.
- 5.- O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

#### **OITAVA.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, DÍA, HORA E LUGAR DE CELEBRACIÓN.**

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: Constará de dúas fases, que se indican:

##### **A) FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima: 4 puntos.**

A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será a primeira obxecto de valoración.

**1) Formación:** Nesta fase valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e financiados polas Administracións Públicas (non

valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc, que non sexan cursos): 4 puntos.

- Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 20 a 50 horas: 0,30 puntos por curso.
- Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos por curso.

Non se valorarán os cursos onde non figuren expresamente o número de horas.

## 2) Coñecemento da lingua galega

Os candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será cualificada de apto ou non apto.

### B) FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima: 6 puntos.

Consistirá na realización dunha proba práctica de manexo de útiles, ferramenta e maquinaria de mantemento dos servizos mínimos, sendo algunhas das funcións do posto de traballo a desenvolver: a limpeza de viais e zonas verdes, desbroce de maleza de zonas verdes e conservación destas zonas. Valorarase a destreza, calidade do traballo, coñecemento do material ou a maquinaria, o uso dos Epis e o tempo empregado nesta proba práctica.

A tal efecto aplicarase o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social a que se fai referencia na Base 3.2 das Bases do Programa PEL-CONCELLOS mediante execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña anualidade 2026 publicada no BOP nº 197 de 15/10/2025.

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición.

### NOVENA.- DÍA, HORA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DA PROBA PRÁCTICA E FASE DE OPOSICIÓN.

O día, hora e lugar de realización da proba práctica e no seu caso, a proba do coñecemento da lingua galega serán publicados, xunto coa lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as, publicarase na páxina web do concello: ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)), e no taboleiro de anuncios do Concello de Sobrado. Primeiro realizase a valoración dos méritos da fase do concurso, e a continuación, no seu caso, a proba do coñecemento da lingua galega e a proba práctica da oposición.

### DÉCIMA.- RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

Concluídas as probas selectivas, o Tribunal cualificador formulará proposta de nomeamento dos/das tres aspirantes que reúnan a maior puntuación no procedemento de selección, elevándoa a Alcaldía para a súa contratación.

O tribunal queda capacitado para determinar unha lista de reserva de contratación (bolsa de emprego), co resto dos/das aspirantes non propostos/as para a contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de cubrir rexeitamentos, baixas e outras vacantes temporais de natureza similar en reserva por orde da puntuación obtida, formando así unha lista de reserva de contratación.

A renuncia expresada formalmente ao chamamento que se realice ao substituto/a implicará a súa exclusión da lista de reserva de contratación.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)), o listado coas puntuacións acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación. Os/As interesados/as disporán dun prazo de 1 día hábil, contado dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba os/as aspirantes seleccionados/as para a súa contratación.

### UNDÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os/As aspirantes propostos/as presentarán no Rexistro do Concello, no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)), os documentos seguintes:

- a.- Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- b.- Informe ou certificado médico oficial no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- c.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- e.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- f.- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- g.- Documentación acreditativa dos requisitos a comunicar (base 3ª.2).

2. A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

#### **DUODÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

- 1.-Presentada a documentación polos/as aspirantes seleccionados/as, ó Sr. Alcalde- Presidente procederá á formalización do correspondente nomeamento para o contrato laboral nun prazo de dous (2) días naturais.
- 2.-Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se traten o superasen satisfactoriamente, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.
- 3.-Mentres non se formalicen o contrato e non se incorpore, ao posto de traballo, os/as aspirantes non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.
- 4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

#### **DECIMA TERCEIRA.-INCIDENCIAS.**

- 1.- A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:
  - Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
  - Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
  - Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
  - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## ANEXO I

DON/DONA..... provisto/a  
de NIF nº :....., con enderezo a efectos de notificacións  
en,.....  
e número de teléfono .....

### EXPOÑO:

- Que desexa participar no procedemento de selección de acceso libre para dar cobertura, mediante contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, a xornada parcial (6 horas diarias) de tres peóns/as, de acordo coas bases da convocatoria (PEL-CONCELLOS 2026).
- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha X):

- Fotocopia do D.N.I.
- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- Documentación acreditativa dos requisitos que desexa comunicar. (base 3ª.2.) indicar cal:
  -
- Documentación acreditativa da fase concurso.
  -

DECLARO BAIXO XURAMENTO (reunir os requisitos esixidos nos apartados 5, 6 e 7 da base cuarta):

- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Polo exposto,

SOLICITO, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia.

En Sobrado, a ..... de.....de 2026.

Asdo:

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO.**

RESPONSABLE E DPD	Responsable: CONCELLO DE SOBRADO, con C.I.F.: P-1508100-C Dirección: Praza Portal nº1, 15813, Sobrado, A Coruña Teléfono: 981 78 75 08. Correo Electrónico: <a href="mailto:correo@sobrado.es">correo@sobrado.es</a> Delegado en Protección de Datos: Román Arias Fraiz, N.I.F.: 44.493.377-S Dirección: Rúa da Concordia nº1 Entlo A-B, 32003, Ourense. Teléfono: 988 609 224 Correo Electrónico: <a href="mailto:protecciondedatos@ariasavogados.com">protecciondedatos@ariasavogados.com</a>
FINALIDADE	Concello de Sobrado, levará a cabo o tratamento de datos coa finalidade de prestar os servizos do Concello; tramitación de procedementos e actuacións administrativas en relación cos servizos ofertados polo Concello.
LEXITIMACIÓN	Interese público (art. 6.1 e) RGPD), consentimento expreso (art. 6.1 a) RGPD), Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
DESTINATARIOS	Prevese a cesión de datos cando sexa necesario para a mellor prestación de servizos Non se contempla a transferencia internacional de datos
DEREITOS	O AFECTADO/A ten dereito a obter o acceso aos seus datos, á súa rectificación ou supresión, á limitación do seu tratamento, ou a opoñerse ao mesmo, así como á portabilidade dos seus datos, solicitándoo mediante comunicación ao Responsable de tratamento, Concello de Sobrado, ben no seu domicilio, Praza do Portal nº1, 15813, Sobrado ou a través de: <a href="mailto:correo@sobrado.es">correo@sobrado.es</a> , ante o Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, no domicilio profesional de Arias Avogados, Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003, Ourense, ou á dirección de correo electrónico <a href="mailto:protecciondedatos@ariasavogados.com">protecciondedatos@ariasavogados.com</a> , ou ben ante a AEPD a través de <a href="http://www.aepd.es">www.aepd.es</a> adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).
PROCEDENCIA	Os datos proceden do propio afectado/a.
+INFO	<a href="https://www.sobrado.es/">https://www.sobrado.es/</a>

O AFECTADO/A, ....., con N.I.F.: ..... manifesta haber sido informado/a e comprendido a información anterior, de forma previa a prestar o seguinte consentimento para que se traten os seus datos persoais, os cales figuran na instancia xeral iniciada polo solicitante ou representante do mesmo, e se cedan de acordo ao apartado destinatarios: SI  NON

O consentimento poderá ser revocado en calquera momento mediante comunicación ao Responsable de tratamento, Concello de Sobrado, ben no seu domicilio, Praza do Portal nº1, 15813, Sobrado ou a través de: [correo@sobrado.es](mailto:correo@sobrado.es), ante o Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, ben no domicilio profesional de Arias Avogados, Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003, Ourense, ou á dirección de correo electrónico [protecciondedatos@ariasavogados.com](mailto:protecciondedatos@ariasavogados.com), adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).

FIRMA AFECTADO/A En ....., ..... de..... de 2026.

Asdo.:.....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO**